



*SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES
DO ENSINO DE GALIZA
www.steg.gal*

O SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA (STEG), provisto con CIF J36125946 e con domicilio en Rúa Conde nº 31 de Lugo, actuando na súa representación XXXXXXXXXX comparece ante esta Consellería de Educación e en relación co borrador da orde que convocará o concurso de traslados específico, entre o persoal funcionario docente de carreira da especialidade de orientación educativa dos corpos de catedráticos e de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazos nos equipos de orientación específicos.

EXPÓN

1. Que en dita proposta ábrese a posibilidade de que acceda persoal funcionario en prácticas e báixase o requisito da experiencia nunha praza directamente relacionada con orientación de 3 anos a 2. Convértese o concurso de méritos nun concurso de traslados específico. Non se entende moi ben cal é o criterio para esta modificación de non ser que se busque axustar a convocatoria a algún perfil de persoa determinado.
2. Que hai provincias que perpetúan as prazas con persoal provisional sen sacar as vacantes como é o caso dos EOE da provincia de Ourense e de Lugo que teñen vacantes dende fai polo menos 3 anos que non saen a concurso.
3. Que non se da máis indicación para un proxecto, que é determinante para a praza, que aspectos formais como a extensión, a letra e os puntos que debe conter. Baixo o noso punto de vista é preciso publicar unha grella de corrección que facilite tanto a elaboración como a corrección obxectiva do proxecto.
4. Que en convocatorias anteriores veñen aprobando o proxecto unicamente as persoas que teñen experiencia no EOE, o que implica que se perpetúe un sistema no que se dan as prazas cunha falta de transparencia absoluta xa que estas profesionais cubriron estes postos en comisión de servizos sen que se dera a debida publicidade e sen atender aos principios de mérito ou capacidade.
5. Que unha vez máis aparece o requisito de obter a puntuación mínima no proxecto de traballo para ser chamadas co fin de cubrir provisionalmente prazas que queden definitiva ou

temporalmente vacantes nos equipos de orientación específicos. Creemos que tal e como ocorre no sistema de substitución do profesorado, debe haber un listado claro resultante deste procedemento para cubrir as vacantes, eliminando o requisito de ter aprobado o proxecto, e evitando así dar prioridade a persoas que non presentaran proxecto sobre aquelas que si o teñan feito.

Por todo o anteriormente exposto SOLICITA

Que sexa modificada a convocatoria atendendo aos principios xerais que deben rexer o acceso a calquera posto da administración pública, priorizando a transparencia e a obxectividade nas bases deste concurso de traslados.